

XVII Concurso de solistas Curso 2023/24



BASES

- O Conservatorio Profesional de Música da Coruña convoca o XVII Concurso de Solistas. O obxecto da proba de selección é dar a posibilidade ao alumnado do conservatorio de tocar unha obra en concerto como solistas acompañados polas agrupacións do centro (Banda Xuvenil, Banda Sinfónica, Orquestra Xuvenil e Orquestra Sinfónica).
- O prazo de inscrición realizarase na secretaría do centro. Iniciarase o día 15 ata o 30 de novembro. A inscrición implica a aceptación das bases do concurso.
- Poderán participar o alumnado matriculado no Grao Profesional no presente curso 2023-24 .
- Non poderán participar os gañadores/as do concurso de solistas do curso 2022/23.
- Os participantes solicitarán na inscrición as agrupacións ás que desexen presentarse coa autorización do titor (máximo dúas), agás o alumnado de 5º e 6º curso que unicamente poderán inscribirse na Orquestra Sinfónica e na Banda Sinfónica.
- Para participar os concursantes deberán presentar un movemento da obra obrigada. A duración aproximada será de dez minutos.
- O Concurso de Solistas constará de dúas fases.
- Na primeira fase, cada departamento escollerá internamente ao alumnado, que interpretará a obra obrigada con acompañamento de piano . Esta primeira proba realizarase entre os días 11 e 13 de decembro en horario de mañá.
- Na fase final os/as candidatos/as preseleccionados/as polos departamentos concorrerán a unha proba na que se interpretará a obra obrigada con acompañamento de Piano. Esta segunda proba realizarase o día 18 de decembro (banda e orquestra sinfónica) e o 19 de decembro Banda e orquestra xuvenil) no Auditorio en horario de tarde. Os participantes deberán entregar tres copias ó tribunal da parte de piano da obra.
- Non se poderá presentar o mesmo repertorio para dúas agrupacións .
- Os tribunais da fase final estarán constituídos polo director do conservatorio ou persoa en quen delegue, directores das agrupacións e profesorado do centro. A decisión do tribunal será inapelable.
- Os tribunais elixiran a dous alumnos/as (como máximo) por agrupación.
- O alumnado seleccionado participará como solista nos concertos do final do curso actual.